



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

41a²

♩ = 104

Celavente, *O Bolo*. Febreiro 1981.

1) Her - mo - sa Ru - fi - na } es - tou gar - dan - do o ga - do ben o ves a - í
tú que fais aí - í

variantes estróficas:

4) 6) - 10) 5)

Viana V,1,213. Remedios 42.

L: 1p.

*Transcripción orixinal de Dorothe Schubarth publicada no Cancioneiro Popular Galego, recollido por Dorothe Schubarth e Antón Santamarina, editado pola Fundación Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa, no 1984.

IV 1p

“Hermosa Rufina,
tú que fais aí?”

“Estou gardando o gado
ben o ves aí.”

“Hermosa Rufina,
pra gardalo ghado
xa Dios te criou
hermosa Rufina,
para ese traballo.”

“Hermosa Rufina,
aí, vente connigo
que no monte sola
correrás peligro.”

“Válghate Dios, majó,
qué tal me decías
que deixase o gado
e a facenda miña.”



“Non che digo eso
nin tal coma eso,
dígoche que veñas
a tomalo fresco.”

“A tomalo fresco
nin fun nin irein,
que dirá meu amo
i en que me ocupein.”

“Si dice teu amo
i en que te ocupache
que veu un trebón
e que te abrigache.

Mangas e vestidos
teño de romper,
hermosa Rufina,
por che dar placer.”

“Placer non mo das
que inda me das pena
que eí ven o meu amo
traerme a merenda.”

“Queira Dios que veña,
e queira Dios que vaia,
e queira Dios que sepa
que contigo estaba.”